

Este curso os nenos e nenas de primeiro fixemos as seguintes actividades para favorecer a convivencia:

1. Actividade Somos un Equipo: Co obxectivo de traballar de xeito colaborativo e sentirmos pertencentes a un grupo que nos apoia, axuda, quere... cada neno/a coloreu o corpo dun xogador de fútbol ao que posteriormente engadimos as fotos do alumnado. Xa rematada a manualidade, colocamos a cada xogador/a no terreo de xogo (a nosa aula) e engadimos o lema somos un equipo co seguinte acróstico:

E: scoitarnos

Q: urernos

U: nirnos


I: maginarnos

P: articipar

O: organizarnos



2. Construción do noso recuncho para a paz, resolución de conflitos, lectura e calma... un espazo multifunción que favorece a nosa convivencia na aula. Cando nos sentimos tristes, enfadados... podemos solicitar ir a casita e alí calmados buscaremos solución ao que nos sucede e... maxicamente funciona.



3. Titores do alumnado de 5 anos: Con motivo do paso dos nenos e nenas de 5 anos a primaria o vindeiro curso, os cativos/as de 1º EP fixemos unha xornada de convivencia para amosarlles o que significa cambiar de etapa. Para isto:

- Contámoslles un conto dramatizado entre todos.
- Cantamos unha canción xuntos relacionada e ensinámoslles a pequena coreografía.
- Fixemos unha marioneta cos personaxes do conto para cada un.
- Explicámoslles os cambios que van vivir.
- Compartimos un recreo.
- Ofrecimos a nosa axuda para que recurren a nós o próximo curso se o precisan.
- Fixemos visita a nosa aula.



4. Tamén levamos a cabo outras actividades das que non temos evidencia fotográfica coma por exemplo:

- Crear un comecocos para cada neno/a da aula na que escribimos cualidades positivas dos nosos compañeiros/as.
- Asambleas diversas para tratar temas que xurden na aula: diferencias raciales, discapacidade, estruturas familiares, costumes e tradicións diversas, aspecto físico (cánones de beleza).
- Narración de contos relacionados coa convivencia: empatía (Si yo tuviera una púa), Machismo (Daniela Pirata), Equipo (A mellor sopa do mundo), Emocións (Monstruo de Colores), Beleza (Guapa)...